

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 20 de maio de 2008 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2008, e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, recolle, no seu artigo 27.22º, a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte en réxime de exclusividade.

En virtude desta competencia, a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, establece que a Administración autonómica promoverá o deporte de mera actividade ou participación, así como a actividade deportiva desenvolvida por persoas nas que concorran circunstancias especiais por razón de idade, condición física, psíquica ou situación persoal que exijan da Administración pública unha consideración e atención diferenciada do resto dos practicantes da actividade deportiva para facilitar a súa plena integración social. Tamén fomentará os deportes autóctonos tradicionais de Galicia.

A mesma lei prevé, así mesmo, a participación doutros ámbitos da Administración pública, establecendo que a Administración local procurará considerar dentro dos seus plans ou programas de actuación a promoción e fomento da actividade deportiva.

O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polo Decreto 454/2005, do 1 de setembro, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e atribúelle á Consellería de Cultura e Deportes as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

Un dos obxectivos da Dirección Xeral para o Deporte é acadar, a través dos seus proxectos, a xeneralización da práctica deportiva e a consolidación da igualdade de oportunidades no deporte, en particular con políticas que promovan a incorporación das mulleres á práctica deportiva, que incidan na promoción con colectivos de persoas con discapacidades e que fomenten os deportes minoritarios entre a poboación.

Así mesmo, estes obxectivos pódense acadar coa participación doutras administracións públicas, entre elas a Administración local, sobre todo tendo en conta as especiais circunstancias do asentamento da poboación galega, na súa maioría en núcleos de menos de 10.000 habitantes, que dificultan a programación destas actividades e precisan un especial apoio.

No procedemento administrativo asociado á presente orde destaca a intención de facilitar ao máximo o contacto dos potenciais beneficiarios coa Administración autonómica, finalidade que explica a intervención dos servizos administrativos de

deportes das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte.

Nos orzamentos xerais da Consellería de Cultura e Deporte existe crédito axeitado e suficiente para as axudas que son obxecto desta convocatoria.

Polo exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas ao abeiro do Decreto 213/2005, do Consello da Xunta, do 3 de agosto de 2005,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras de concesión de subvencións e a súa convocatoria pública dirixidas a concellos de menos de 10.000 habitantes para o fomento da actividade físico-deportiva que se leve a cabo entre o 1 de abril e o 31 de outubro do ano 2008.

2. A concesión das subvencións ás que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, eficacia e eficiencia.

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións os concellos de Galicia que contén no derradeiro padrón municipal cun número de habitantes de menos de 10.000 habitantes e, logo da solicitude, resulten seleccionados segundo o establecido nesta orde.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases os concellos en quen concorra algunha das circunstancias sinaladas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3º.-*Actuacións subvencionables.*

1. Serán actuacións subvencionables os proxectos presentados que recollan algunha das seguintes liñas de actuación:

- a) Fomento de actividades deportivas dirixidas á incorporación da muller na actividade física.
- b) Fomento da actividade na terceira idade.
- c) Fomento dos deportes de integración.
- d) Fomento do deporte tradicional
- e) Fomento da actividade física para a saúde.

2. Consideraranse gastos subvencionables os gastos correntes que deriven da realización do proxecto presentado, entre os cales se inclúen:

-Aluguer de instalacións deportivas.

-Gastos de transporte.

-Material funxible inherente ao desenvolvemento do proxecto.

3. Non son conceptos subvencionables para os efectos desta orde os referidos a bens inventariables e de investimento, os xuros debedores das contas bancarias, recargas e sancións administrativas, nen

gastos de procedementos xudiciais, e os que sinala o artigo 29.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Financiamento orzamentario.*

1. A concesión das axudas previstas nesta orde serán atendidas con cargo á aplicación 12.04.441A.460.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o ano 2008, cun límite de 275.000 € (douscentos setenta e cinco mil euros). Este importe poderá ser ampliado no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución segundo o disposto no artigo 31 da Lei 9/2007.

2. En ningún caso o importe da subvención será superior como máximo ao 50% dos gastos necesarios para a realización do programa de actividades, que poderá contar, así mesmo, con outros financiamientos, sen que en ningún caso excedan a contía do 100% do custo da actividade.

Artigo 5º.-*Solicitudes, documentación e prazo.*

1. As solicitudes de subvención formularanse nos impresos oficiais, segundo o modelo que se xunta como anexo I nesta orde. Só se admitirá unha solicitude por concello.

2. Presentaranse nos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte ou ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Proxecto que conteña:

-Datos básicos do concello.

-Descrición da poboación potencial á que vai dirixida o programa e necesidades detectadas.

-Programación: obxectivos, actividades, destinatarios/as, instalacións, temporalización, resultados agardados e indicadores de seguimento que se van empregar.

-Coordinador/a do programa e técnicos/as deportivos: cualificación, cuantificación e dedicación semanal.

-Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade deportiva.

-Coordinación con concellos limítrofes, se procede: nome dos concellos, accións de coordinación previstas.

-Emprego do galego: recursos e procedemento que se vai seguir.

-Mención da colaboración por parte do organismo concedente: recursos e procedemento que se vai seguir.

b) Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e prace do representante legal, do acordo polo que se solicita a subvención e se aceptan as condicións e os requisitos establecidos nesta orde, así como de non estar incurso nas prohibicións

para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 2º.2.

c) Declaración de todas as solicitudes de subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto doutras administracións ou entes públicos ou privados (anexo II).

d) Fotocopia do CIF do concello.

e) Certificado dos habitantes rexistrados no padrón municipal do concello.

4. O prazo de presentación das solicitudes será de 32 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 6º.-*Instrución.*

1. Os delegados/as provinciais da Consellería de Cultura e Deporte serán os órganos competentes para a instrución dos procedementos que se tramiten ao abeiro do disposto nesta orde en cada provincia.

2. Recibidas as solicitudes, as respectivas delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte revisarán a documentación achegada e comprobarán que reúnen os requisitos establecidos nesta orde.

3. Os defectos nas solicitudes seranlles notificados aos concellos interesados polas respectivas delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, concedéndoselle un prazo de dez días para emendar erros ou omisións. Transcorrido este prazo sen producirse a devandita emenda, archivarase o expediente logo da resolución de arquivo nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Completados os expedientes, poranse ao dispor da comisión de valoración para a súa avaliación, ao abeiro dos criterios de valoración fixados no artigo 7º desta orde.

5. A comisión de valoración de cada provincia estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente/a: o xefe de servizo de deportes da delegación provincial da Consellería de Cultura e Deporte.

b) Vogal: o/a secretario/a da delegación provincial de Cultura e Deporte.

c) Secretario/a: un/unha funcionario/a da delegación provincial de Cultura e Deporte, que participará con voz pero sen voto.

6. Serán funcións das comisións de valoración:

a) Avaliar as solicitudes presentadas e a documentación achegada polos concellos solicitantes.

b) Efectuar as propostas de concesión de subvencións elevándoas ao órgano instrutor, para a elaboración da proposta de resolución.

7. Os secretarios/as redactarán a correspondente acta de cada sesión das comisións.

8. O órgano instrutor poderá solicitar canta documentación considere precisa.

Artigo 7º.-Criterios de valoración.

1. As comisións de valoración proporán a contía das subvencións correspondentes a cada solicitante, atendendo aos límites establecidos no artigo 4º.

2. As comisións non terán en conta as solicitudes que non se adapten aos requirimentos establecidos nesta orde.

3. As comisións non valorarán as solicitudes que acaden un importe inferior a 500 euros por beneficiario.

4. Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, as comisións de valoración avaliarán a calidade dos proxectos presentados e baremarasos sobre un máximo de 50 puntos segundo os seguintes criterios:

- a) Características técnicas do proxecto, ata 15 puntos.
- b) Realización de programas de características similares en anos anteriores, ata 10 puntos.
- c) Achega financeira por parte do concello, ata 10 puntos.
- d) Concorrenza doutras fontes de financiamento, ata 5 puntos. Correspondendo máis puntos cantas máis fontes de financiamento teña.
- e) Coordinación con concellos limítrofes, ata 10 puntos. Correspondendo máis puntos cantos máis concellos se coordinen.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. Avaliadas as solicitudes, a comisión de valoración redactará un informe, o órgano instructor elaborará unha proposta de resolución que xunto o mencionado informe elevará á directora xeral para o Deporte, quen resolverá a concesión ou denegación das solicitudes presentadas.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os catro meses, contado desde o día seguinte á data de publicación desta orde no DOG. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente por silencio administrativo.

3. Notificada a resolución polo órgano concedente, o beneficiario disporá dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciase manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. A realización das actividades será responsabilidade exclusiva do concello solicitante, aínda que a Dirección Xeral para o Deporte debe estar informada das circunstancias concretas da execución e reserva para si o dereito de solicitar a información complementaria que considere oportuna, así como a comprobación de calquera aspecto relacionado con ela.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o órgano competente de xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano

que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9º.-Xustificación.

1. Os beneficiarios das axudas deberán solicitar o aboamento da axuda concedida no momento en que se teña realizado o proxecto presentado e unha vez xustificada a súa realización. En calquera caso, o prazo máximo e improrrogable para a presentación da citada xustificación e a petición de aboamento da axuda será o 15 de novembro de 2008.

2. O lugar de presentación serán as delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte ou nalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A solicitude de aboamento da axuda concedida (anexo III) deberá ir acompañada da seguinte documentación

a) Certificación expedida polo/a secretario/a do concello, co visto e praxe do representante legal, no que se faga constar: o cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención, a relación de actividades realizadas, o importe detallado do gasto efectuado.

b) Declaración de todas as solicitudes de subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto doutras administracións ou entes públicos ou privados (anexo II).

c) Memoria descritiva do proxecto presentado segundo as epígrafes detalladas no artigo 5º.3 a), detalladas claramente os resultados cuantitativos e cualitativos obtidos e a súa correspondente valoración.

d) Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria onde se fará o ingreso da subvención.

4. No caso de que o gasto xustificado sexa a totalidade do orzamento de gastos do proxecto presentado na solicitude, o beneficiario solicitará o aboamento da totalidade da subvención concedida. No caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao orzamento de gastos do proxecto presentado na solicitude, o beneficiario solicitará o aboamento da subvención con base na seguinte fórmula:

$$\text{gasto xustificado} \times (\text{subvención concedida} / \text{total orzamento de gastos do proxecto presentado na solicitude}).$$

En calquera das dúas circunstancias o aboamento da subvención solicitado terá que cumprir cos límites establecidos no artigo 4º.

5. Os órganos competentes da Consellería de Cultura e Deporte poderán solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que consideren oportunos.

6. As solicitudes que incumpran os prazos ou requisitos de xustificación solicitados perderán o

dereito ao aboamento da axuda, posibilitando a reasignación de tales créditos.

Artigo 10º.-*Pagamento.*

1. O pagamento da subvención queda condicionado á presentación da documentación xustificativa que acredite o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

2. O importe da subvención farase efectivo nun único pagamento na conta bancaria certificada na xustificación.

Artigo 11º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os concellos que resulten beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta orde virán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e en especial:

a) Executar o proxecto que fundamentou a concesión da subvención, así como xustificar a súa realización.

b) Adoptar as seguintes medidas de identificación, información e publicidade da subvención concedida:

-A utilización do galego nos medios de información e comunicación relacionados co proxecto.

-Facer constar obrigatoriamente en toda a comunicación xerada polas actividades obxecto de axuda que se recibiu subvención da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral para o Deporte, utilizando para iso, e de forma clara e visible, os logos e símbolos institucionais da Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral para o Deporte, dispoñibles para o efecto na páxina web www.deportegalego.es.

c) Facilitarlle á Dirección Xeral para o Deporte a comprobación e control das actividades que se subvencionan con cargo a esta orde.

d) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. En todo caso, atendendo ao artigo 31.7º c) da Lei de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas acollidas a esta orde quedan exentos de achegar os xustificantes das anteriores obrigas.

2. Os beneficiarios de subvención quedan sometidos ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda e ás previstas na lexislación do Consello de Contas ou do Tribunal de Contas.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución, revogación e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e para a súa xustificación, en particular a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

2. Procederá a revogación das subvencións, así como o seu reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a existencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007 e no artigo 19 do Decreto 287/2000, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007.

Artigo 13º.-*Seguimento e control.*

1. Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración, a Consellería de Cultura e Deporte levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento.

2. Para realizar as ditas funcións poderanse empregar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos na orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde.

Artigo 14º.-*Réxime xurídico das axudas. Lexislación aplicable.*

1. Nos aspectos non contidos nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non resulte derogado pola Lei 9/2007 citada, así como polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións adicionais

Primeira.-Coa presentación da solicitude o beneficiario dá a súa conformidade a que os datos facilitados para a concesión da subvención figuren no Rexistro público de subvencións coas excepcións do artigo 15.2º d) da Lei 9/2007.

Segunda.-De acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a Consellería de Cultura e Deporte publicará no DOG e na páxina web www.deportegalego.eu as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a directora xeral para o Deporte para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Dirección Xeral para o Deporte

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE GALICIA DE MENOS DE 10.000 HABITANTES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN 2008	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD943A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME DO/A ALCALDE/ALCALDESA		NIF	
DO CONCELLO	PROVINCIA	CIF	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE

2.- DATOS DA SOLICITUDE

ACTUACIÓN PARA A QUE SOLICITA AXUDA	ORZAMENTO GASTOS DO PROXECTO		SUBVENCIÓN SOLICITADA	
	Importe	% Importe/Orzamento	Importe	% Importe/Orzamento
ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN CONCELLOS MENORES DE 10.000 h.				

Máximo: 50%

3.- DECLARA QUE:

- a) A entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria, e non está nas circunstancias descritas no artigo 2.2 da orde.
- b) Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- c) Acepta as bases da convocatoria de subvención establecidas na orde e en especial as descritas nas disposicións adicionais primeira e segunda.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA

☐ PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN COA INFORMACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 5º.3.a.
☐ CERTIFICACIÓN DO ACORDO POLO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN SEGUNDO O SINALADO NO ARTIGO 5º.3.b.
☐ DECLARACIÓN DE TODAS AS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN PARA O MESMO PROXECTO (ANEXO II).
☐ FOTOCOPIA DO CIF DO CONCELLO.
☐ CERTIFICADO DO NÚMERO DE HABITANTES REXISTRADOS NO DERRADEIRO PADRÓN MUNICIPAL DO CONCELLO.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 20 de maio de 2008 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2008, e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración)	
SINATURA E SELO DO SOLICITANTE <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de _____	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

Directora xeral para o Deporte

ANEXO II

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN PARA O MESMO PROXECTO

Don/Dona _____, con DNI _____
Alcalde/sa del Concello de _____, con CIF _____

DECLARO baixo a miña responsabilidade que, en relación a outras axudas solicitadas para este mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas e tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución:

AXUDAS SOLICITADAS:

- ☐ **Non** se solicitaron outras axudas para este mesmo proxecto.
- ☐ **Si** se solicitaron outras axudas para este mesmo proxecto.

ENTIDADE / INSTITUCIÓN Á QUE SE SOLICITOU	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE

AXUDAS CONCEDIDAS:

- ☐ **Non** se recibiron outras axudas para este mesmo proxecto.
- ☐ **Si** se recibiron outras axudas para este mesmo proxecto.

ENTIDADE / INSTITUCIÓN QUE CONCEDEU	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE

E, para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____
(Sinatura e selo)

ANEXO III

SOLICITUDE DE ABOAMENTO DA AXUDA CONCEDIDA

Don/Dona _____

Alcalde/sa do Concello de _____, con CIF _____

CERTIFICA a realización do proxecto deportivo para o que lle foi concedida a contía de _____, pola Dirección Xeral para o Deporte con cargo á subvención a concellos de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2008, o que acredita coa seguinte documentación:

- ☐ Certificación do cumprimento da finalidade da subvención, relación das actividades realizadas e importe do gasto.
- ☐ Declaración doutras axudas (anexo II).
- ☐ Memoria descritiva do proxecto presentado segundo as epígrafes detalladas no artigo 5º.3 a).
- ☐ Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria onde se fará o ingreso da subvención.

Atendendo ao artigo 9º.4 da orde, solicita percibir a contía de _____ (euros), como liquidación total da subvención concedida.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo da entidade

Directora xeral para o Deporte

Orde do 20 de maio de 2008 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións a federacións deportivas galegas para promover competicións deportivas das diferentes seleccións absolutas no ano 2008, e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22º, recolle a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia da promoción do deporte en réxime de exclusividade.

En virtude desta competencia, a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, establece que a Administración autonómica promoverá o deporte de competición en colaboración coas federacións deportivas galegas. Estas, pola súa vez, teñen entre as súas competencias exclusivas a representación de Galicia en actividades e competicións deportivas de carácter estatal ou supraestatal organizando as seleccións autonómicas.

O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polo Decreto 454/2005, do 1 de setembro, fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e atribúelle á Consellería de Cultura e

Deporte as competencias da Comunidade Autónoma en materia de deportes.

Por medio desta orde preténdese promover a creación e consolidación das seleccións galegas absolutas correspondentes ás diferentes modalidades deportivas, tanto masculinas como femininas, axudando así á efectiva implicación das federacións no citado labor.

A universalización da práctica deportiva ten un papel moi importante na sociedade, actuando de maneira transversal en moitos valores sociais de grande importancia para a mellora da calidade de vida das e dos cidadáns e, en especial, acadar a xeneralización da práctica deportiva entre os nenos e nenas galegos, facilitando o seu acceso á actividade deportiva a través da consolidación da igualdade de oportunidades no deporte. Neste sentido, a conformación de seleccións galegas leva implícito o fomento da práctica deportiva entre os mozos e mozas de Galicia e a potenciación da canteira, xa que o esforzo acompañado do éxito deportivo pode levalos a ser seleccionados e representar a Galicia en competicións internacionais.